Agora pensa en ti. **Que te pon ?**
E, **que lle pon ás persoas coas que te relacionas?**
E **ao resto?**

Pensas que os **gustos no sexo son "algo propio"** e nada teñen que ver co "socialmente aprendido"?

Pois síntocho pero non, *bonito pero incerto.* **O que nos xera pracer está estreitamente relacionado co que socialmente se nos di que xera pracer**

A boa nova é que podemos cortar a corda e construír unha cultura afastada da erotización da violencia.

RESPÓNDETE:

de verdade precisas ver vídeos onde se humilla e agride para excitarte?

Hai unha sexualidade máis sa, plena e satisfactoria alén da cultura do porno:

a cultura do consentimento.

Agora, tócache a ti!

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE IGUALDAD

Pacto de Estado contra la violencia de género

Concello de Oleiros

PUNTO VIOLETA DO CONCELLO DE OLEIROS

Falamos de...

PORNO?

É unha realidade que, de forma directa ou indirecta, **a nosa educación sexual está influenciada un pouco... bastante polo**

P-O-R-N-O.

E co acceso a *golpe de click*, cada vez máis. Tan só hai que prestarlle atención ás estatísticas.

Os 3 principais portais de porno (Pornhub, XVideos e XNXX) teñen 5.810 millóns de visitas mensuais; unhas **134.491 visitas por minuto**.
(Scottmax, 2024)

O **62,5%** de adolescentes entre 13 e 17 anos ven porno.
(Save the Children, 2020)

O **22,4%** dos mozos e o **2,1%** das mozas indican velo diariamente, e o 48,1% e 13,6% respectivamente polo menos 1 vez por semana.
(fad Juventud, 2023)

A idade media do primeiro acceso son os **13 anos**, aínda que 1 de cada 4 sinala que foi antes dos 12, e o 6,5% aos 8 anos ou antes. Mais, polo xeral, estas visualizacións a idades tan temperás adoitan ser causais ou accidentais.
(fad Juventud, 2023)

Pero, **por que está tan presente nas nosas vidas? Vexamos....**

1 É moi **FÁCIL ACCEDER...** Ás veces, incluso sen buscalo aparece nas nosas pantallas. Sen restricións de idade, de balde, **SEN LÍMITES**.

2 ESPERTA CURIOSIDADE.

O sexo interésanos, e moito...

Vaia! Pois resulta que é un tema do que aínda non se fala con normalidade.

De feito, os mozos e as mozas din non ter recibido educación sexual de calidade nin por parte das súas familias (**50,1%**) nin por parte do seu centro escolar (**45,9%**), **suplindo esta falta de información co porno**.

Sorpresa?

Afirma que o porno lle axuda a coñecer e comprender mellor o sexo.

Emprégao como fonte de inspiración.

Ocúltallo á familia, o 14,7% á parella e o 13,8% ás amizades.

(fad Juventud, 2023)

Ademais, **que pasa cando algo é tabú?**

Que **dá morbo**, **e o morbo aumenta a curiosidade**. Círculo vicioso

Que **alguén vai cubrir un buraco que tanto interese levanta**, porque... *clin clin*, o interese tradúcese en . Capitalismo, *they call it*. Pois ben, ese buraco **cubriuno o porno**. Así que... si, **o porno é o noso principal educador sexual.** FORTE EH!

3 ENGANCHA.

Xera dopamina, ese neurotransmisor que produce pracer, o mesmo que cando comemos , ou un cachorriño sube no noso regazo, ou namoramos. ... **Píllalo? E que pasa coa dopamina?**

Éche **aditiva.** O cerebro vai precisar **cada vez máis cantidade, estímulos máis fortes e maior frecuencia para experimentar o mesmo pracer que as primeiras veces**. Como calquera droga, vamos.

O cerebro é moi, moi vago: **quere o camiño máis curto e rápido** para obter pracer. E se aprende que o porno é unha forma sinxela de obtelo...aí que vai!

Amigx, date conta. **Convírtese nunha relación tóxica!**

TACHÁN!

Entedes agora por que o porno está tan presente nas nosas vidas?
Isto non é maxia, é ciencia!

Vale, seguro que estás a pensar que é **S-E-X-O. Algo natural.** Entón, **cal é o problema?**

Aquí chegamos á chicha, agora si. O problema é o **r-e-l-a-t-o.**

Faite a seguinte pregunta: **que clase de sexo aparece no porno *mainstream*?**

35,8%
Pensa que o porno fomenta un menor uso dos preservativos.

37%
Considera que inflúe moito ou bastante en crear unha falsa imaxe sobre como é o sexo realmente.

20,6%
Sinala que lle xera expectativas que dificultan ter relacións sexuais satisfactorias.

19%
Di ter perdido interese polo sexo despois de ver porno.

(fad Juventud, 2023)

Pensa en todas as tramas que queiras, pero aí che vai o resumo: **unha masculinidade mega hexemónica que desfruta sometendo, dominando e violentando ás mulleres**.

38,4%
Indica que é habitual atopar violencia física no porno.

31%
Di que contribúe a xerar fantasías sexuais nas que se exerce ou recibe violencia.

28,4%
Dos mozos e o **18,9%** das mozas ven contido violento.

33,3%
Manifesta toparse con violacións e outras agresións sexuais.

30%
Pensan que o consumo de porno inflúe en insistirlle a outras persoas e a si mesmos/as para ter sexo, así como para realizar determinadas prácticas sexuais.

48,2%
Das mozas e **26,7%** dos mozos pensan que o porno fomenta a violencia sexual.

(fad Juventud, 2023)

E non imos entrar en como se representan os corpos, idades, etnias... ✕✕. **Ou non**?

As escenas que se reflicten **vinculan directamente pracer con dor: a dor das mulleres**, claro. **Vemos planos agresivos nos que se lles dirixe violencia**, mentres elas transmiten que lles gusta ser agredidas.

Dáse a entender que as mulleres desfrutan sexualmente a través da humillación, a **cousificación** e a **violencia**, lanzando mensaxes confusas sobre o **consentimento**, e **erotizando a agresión sexual**.

Está o porno contribuíndo a normalizar as agresións sexuais?

O problema é que **o noso cerebro tamén acaba por relacionar desexo con dor**, e con agresión, e aí remata por buscar directamente o pracer.

Entón, **que clase de desexo estamos construíndo?**